

## BASES PARA A SELECCIÓN DAS PERSOAS TRABALLADORAS PARTICIPANTES NO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO "EO - NAVIA II"- CONCELLO DA PONTENOVA

### **Primeira.- Obxecto.**

Estas bases teñen como finalidade, de conformidade co previsto no artigo 11 da Orde do 4 de maio de 2018 da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2018 (DOG nº97, do 23 de maio de 2018), establecer o sistema, requisitos, baremos ou probas que se aplicarán na selección das 20 persoas alumnas traballadoras que participarán no obradoiro dual de emprego "Eo - Navia II", promovido polo Concello Da Pontenova e subvencionado pola Consellería de Economía, Emprego e Industria.

### **Segunda.- Relación xurídica das persoas traballadoras participantes coa entidade promotora do obradoiro de emprego.**

Durante a súa incorporación ao obradoiro dual de emprego as persoas alumnas seleccionadas estarán vinculadas á entidade promotora mediante a modalidade de contrato para a formación e aprendizaxe.

Os contratos de traballo terán carácter temporal, cunha duración de nove meses e serán a xornada completa.

De conformidade co establecido no artigo 14 da Orde do 4 de maio de 2018 da Consellería de Economía, Emprego e Industria, non é aplicable a este proceso selectivo a normativa establecida para os procedementos de selección de persoal das distintas administracións públicas, aínda que a entidade promotora sexa un organismo público. Os alumnado-traballador seleccionado non se considerarán incluídos nos correspondentes cadros de persoal ou relacións de postos de traballo, e consecuentemente, non será precisa oferta de emprego pública previa.

### **Terceira.- Requisitos das persoas aspirantes.**

As persoas participantes no proceso selectivo deberán reunir os seguintes requisitos:

#### Requisitos xerais

- Ter dezaoito ou máis anos de idade.
- Estar desempregadas, entendéndose nesta situación ás persoas demandantes de emprego inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia, que carezan de ocupación remunerada e estean dispoñibles para o emprego. Este requisito deberá de manterse na súa data de incorporación ao proxecto.
- Estar empadroadas no Concellos de A Pontenova, A Fonsagrada ou Negreira de Muñiz, con anterioridade á data de firma destas bases.
- Cumprir os requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato para a formación e aprendizaxe, co obxecto de ter vinculación mediante un contrato de tales características ao obradoiro dual de emprego, desde a súa incorporación ao proxecto, en aplicación do previsto nos artigos 2 e 5 desta orde de convocatoria.
- Cando a formación a impartir no proxecto vaya dirixida á obtención de certificados de profesionalidade de nivel de cualificación 2 ou 3, cumplir os requisitos de acceso sinalados nos reais decretos que regulan ditos certificados.
- Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desempeño das funcións que corresponden á ao posto convocado, estando en condicións de incorporarse ao mesmo na data de inicio do proxecto formativo.

#### b) Requisitos específicos:

1º- Nivel profesional: ata oficial de 2ª inclusive.

#### **Quinta: causas de exclusión**

- ✓ Non cumplir os requisitos exixidos nestas bases e na orde de convocatoria, no momento da súa incorporación ao obradoiro dual de emprego.
- ✓ Ter cursado a especialidade formativa que se programa no obradoiro e para a cal foi seleccionado/a.

## **Sexta.- Oferta de actividade.**

Unha vez constituído o grupo de traballo mixto, e aprobados os criterios de selección das persoas alumnas traballadoras que van participar no obradoiro dual de emprego, presentaránse ofertas de emprego, en función das especialidades formativas que se van a impartir e do concello nos que están localizadas as actuacións previstas no proxecto de obradoiro, definindo nas mesmas os parámetros de sondaxe.

Neste caso correspondendolle tramitar as ofertas ás oficina de emprego de:

### Oficina de emprego Ribadeo:

#### **OFERTA 1**

- Ámbito xeográfico:A Pontenova.
- Número de persoas alumnas-traballadoras: 6
- Especialidade formativa a cursar: EOCB0208 Operacións auxiliares de albanería, de fábricas e cubertas
- Ocupacións ou postos de traballo relacionados: (Albaneis, enfoscadores e asimilados e peóns da construcción) NIVEL 1
- Nivel profesional: ata oficial de 2<sup>a</sup> inclusive
- Requisitos: reunir os requisitos sinalados no Real decreto que regula o certificado de profesionalidade e os demás exixidos nestas bases.

### Oficina de emprego Lugo Sur:

#### **OFERTA 1**

- Ámbito xeográfico: A Fonsagrada.
- Número de persoas alumnas-traballadoras: 8
- Especialidade formativa a cursar: EOCB0109 Operacións auxiliares de revestimentos continuos en construcción
- Ocupacións ou postos de traballo relacionados: (Albaneis, enfoscadores e asimilados e peóns da construcción) NIVEL 1
- Nivel profesional: ata oficial de 2<sup>a</sup> inclusive
- Requisitos: reunir os requisitos sinalados no Real decreto que regula o certificado de profesionalidade e os demás exixidos nestas bases.

#### **OFERTA 2**

- Ámbito xeográfico: Negreira de Muñiz
- Número de persoas alumnas-traballadoras: 6
- Especialidade formativa a cursar: EOCB0209 Operacións auxiliares de acabados ríxidos e urbanización/EOCB0208 Operacións auxiliares de albanería, fábricas e cubertas
- Ocupacións ou postos de traballo relacionados: (Albaneis, enfoscadores e asimilados e peóns da construcción) NIVEL 1
- Nivel profesional: ata oficial de 2<sup>a</sup> inclusive
- Requisitos: reunir os requisitos sinalados no Real decreto que regula o certificado de profesionalidade e os demás exixidos nestas bases.

A oficina de emprego remitirá ao grupo de traballo mixto a relación das persoas candidatas resultado da oferta, na medida do posible, tres por posto.

As persoas preseleccionadas pola oficina serán convocadas por carta, na que se sinalará o lugar, día e hora á que deberán asistir para realizar a selección, indicándolles así mesmo que deberán de facelo provistos da documentación, en orixinal ou copia compulsada, que acredite os seus méritos, así como dunha copia para entregar ao grupo mixto.

A selección terá lugar na Casa da Cultura do Concello da Pontenova o día 23 de outubro de 2018 as :

ás 11,00 horas para persoas alumnas traballadoras de A Pontenova

ás 12,30 horas para persoas alumnas traballadoras de Negueira de Muñiz

ás 13,00 horas para persoas alumnas traballadoras de A Fonsagrada

#### **Sétima: Procedemento de selección**

De acordo co disposto na orde de convocatoria terán preferencia para participar nestes proxectos as persoas que, tendo previsto a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional, teñan especiais dificultades de inserción no mercado de traballo, tales como as persoas mozas menores de trinta anos, os emigrantes retornados, as mulleres en xeral, as mulleres vítimas de violencia, as persoas que esgotaran as prestacións e subsidios por desemprego, as persoas paradas de longa duración, as persoas maiores de corenta e cinco anos, as persoas que carecen de títulos universitarios e de F.P. de grao superior, excepto para os certificados de profesionalidade de nivel de cualificación 3, para os que se require unha maior formación, xa que estes programas van dirixidos as persoas que, con carácter xeral, carecen dunha cualificación profesional, as persoas con discapacidade sempre que poidan realizar os traballos e as persoas pertencentes a outros colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social.

b) As beneficiarias do programa de fomento da inserción laboral das mulleres víctimas de violencia incorporaranse directamente con prioridade absoluta o proxecto, sempre e cando cumpran os requisitos xerais das presentes bases.

En todo caso terán prioridade no proceso de selección, aquelas persoas alumnas candidatas que non tiveran participado nos cinco últimos anos nun obradoiro de emprego.

Á vista do anterior, respectando en todo caso os requisitos e criterios de selección establecidos nesta orde e nas instrucións e circulares da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral que a desenvolvan, o Grupo de traballo mixto acorda aplicar o baremo establecido no Anexo I, por medio do que cal serán avaliados as circunstancias persoais e profesionais dos candidatos a remitir pola oficina de emprego cunha puntuación máxima de 25 puntos.

A continuación, e no mesmo acto, o grupo de traballo mixto celebrará unha entrevista persoal co obxectivo de avaliar o interese da persoa candidata en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral coma as relativas á súa adecuación ás singularidades do proxecto formativo, entrevista que se valorará cun máximo de 8 puntos.

Finalizado o proceso de selección, o grupo de traballo mixto procederá ao establecemento das puntuacións finais das persoas candidatas que teñan participado no proceso de cobertura da oferta de emprego; puntuacións que virán dadas pola suma dos puntos acadados na valoración de méritos e na entrevista persoal e determinarán a orde de prelación das persoas candidatas para a súa ulterior contratación pola entidade promotora. Prepararán a relación das persoas admitidas e excluídas para participar como alumnos/as traballadores/as no obradoiro de emprego, sinalando neste último suposto os motivos da exclusión, facendo constar para cada un deles a puntuación total e a/as especialidade/s formativas ás que son adscritos. Esta relación será exposta no taboleiro de anuncios da entidade promotora e na súa páxina web, así como nos taboleiros de anuncios das oficinas de emprego.

No suposto de empate nas puntuacións de dous o máis candidatos, terá preferencia aquel que teña más antigüidade como desempregado a contar dende o último emprego segundo a vida laboral, e en caso de empate o de maior idade.

O grupo mixto asinará a acta de todo o actuado, por duplicado exemplar, e remitirá un exemplar á entidade promotora para o seu cumprimento e outro á xefatura territorial.

#### **Oitava.- Listaxe de reserva.**

O grupo de traballo mixto, coa finalidade de suplir as posibles baixas das persoas seleccionadas como alumnas traballadoras, poderá elaborar unha lista de reserva que estará integrada polas persoas candidatas que, non sendo seleccionadas, obtiveran as maiores puntuacións. En caso de esgotarse realizaríase novamente oferta na oficina de emprego.

Esta listaxe de reserva terá vixencia mentres sexa posible substituir ao alumno/a traballador/a.

#### **Novena.- Admisión.**

As persoas seleccionadas polo grupo de traballo mixto serán admitidas pola entidade promotora, para participar no obradoiro dual de emprego na condición de alumnos/as traballadores/as sempre e cando cumpran os requisitos destas bases, para o que deberán pasar un recoñecemento médico e ser declarados aptos para o desempeño dos traballos a realizar no obradoiro de emprego.

En todo caso os requisitos de selección deben de manterse na data de incorporación ao proxecto.

#### **Décima.- Incidencias e reclamacións:**

As incidencias e reclamacións que se poidan suscitar, derivadas dos procesos de selección, presentaranse ante este grupo de traballo mixto no prazo de 2 días naturais, a contar desde o seguinte ao da exposición da relación de persoas candidatas admitidas, excluídas e reservas ,e serán resoltas por este, sen que caiba ulterior recurso en vía administrativa.

#### **Décimo primeira.- Publicidade das bases:**

Estas bases deberán de ser expostas ao público nos taboleiros de anuncios da oficina de emprego que tramite a oferta, así como nos taboleiros de anuncios e na páxina web da entidade promotora do obradoiro.


Lugo a 19 de setembro de 2018



Ana María Méndez Enríquez



José Antonio Arruñada Amor



María Dolores Díaz Lorenzo



Francisco Quinzá-Torroja García